

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 11 DE ABRIL DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO ABRALDES PEREZ FERNANDO</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Once de Abril do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 04/04/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/065

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 04/04/2024. DECRETO: "APROBACIÓN PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LA OBRA "MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD EN PRAZA DO CONCELLO""

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/079

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 04/04/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS "ADECUACIÓN FUNCIONAL, MEJORA Y MODERNIZACIÓN DE LA RÚA MENDIÑO". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU"



4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/089

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 05/04/2024. DECRETO: "INICIO DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "REFORMA ALPENDRE PORTUARIO PARA ZONA ESPERA BUS (RIBEIRA)""

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/115

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/04/2024. DECRETO: "CORRECCIÓN DE ERROR EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS "ADECUACIÓN FUNCIONAL, MEJORA Y MODERNIZACIÓN DE LA RÚA MENDIÑO". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU"

6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – María Fernández Sanmartín

Visto o escrito presentado por **María Fernández Sanmartín**, de data 04/04/2024 (Registro de entrada nº 8.367), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (patacas e pizzas), o día 12/04/2024, na zona de Coroso, co motivo da celebración da Festa da Xuventude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **María Fernández Sanmartín** para a instalación dun posto (patacas e pizzas), o día 12/04/2024, na zona de Coroso, co motivo da celebración da Festa da Xuventude.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Miguel Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Miguel Petrovich Costa**, de data 03/04/2024 (Registro de entrada nº 8.198), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (pizzas e perritos), o día 12/04/2024, na zona de Coroso, co motivo da celebración da Festa da Xuventude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Miguel Petrovich Costa** para a instalación dun posto (pizzas e perritos), o día 12/04/2024, na zona de Coroso, co motivo da celebración da Festa da Xuventude.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).



- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Noemi Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Noemi Petrovich Costa**, de data 03/04/2024 (Registro de entrada nº 8.200), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (pizzas, patacas e perritos), o día 12/04/2024, na zona de Coroso, co motivo da celebración da Festa da Xuventude.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Noemi Petrovich Costa** para a instalación dun posto (pizzas, patacas e perritos), o día 12/04/2024, na zona de Coroso, co motivo da celebración da Festa da Xuventude.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- ADXUDICACIÓN POSTO DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA

VISTO o escrito presentado con data 20 de novembro de 2023, **rex de entrada nº 26831**, por **D. Manuel Ramón García Pérez**, DNI nº *****542***** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro 28, 3, Portal 1 B, 15965, Ribeira no que **solicita adxudicación** do **posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000008** do Mercado Municipal.

VISTO o escrito presentado con data 20 de novembro de 2023, **rex de entrada nº 26866**, por **Dna. Mónica Luna Domínguez**, DNI nº *****589***** e domicilio a efectos de notificacións en Paseo das Carolinas, nº 14, 15960, Ribeira no que **solicita adxudicación** do **posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000009** do Mercado Municipal.

CONSIDERANDO que o **artigo 26 1. do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Ribeira** (BOP nº 14, de 20 de xaneiro de 2017) establece que as concesións dos postos que vaian quedando vacantes, adxudicásense mediante licitación pública, a cal se levará a cabo de conformidade co disposto na lexislación en vigor e consonte aos Pregos de condicións que para cada licitación acorde o Concello.

Por razóns imperioso de interese xeral, debido ás limitacións do número de postos existentes nos mercados, en ningún caso unha mesma persoa poderá ser titular de máis de



dous postos, sexan ou non lindeiros. O titular de dous postos, se resultara adxudicatario dunha nova licitación, previamente á nova concesión, deberá renunciar a un dos postos, debendo indicar o devandito compromiso na solicitude.

VISTAS as memorias presentadas polos candidatos e considerando ámbas idóneas.

CONSIDERANDO o principio xeral do dereito *prior in tempore, potior in iure* [Primeiro no tempo, preferido no dereito] debe relacionarse neste caso **coa primeira solicitude presentada**,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía con data 14 de xullo de 2023, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Adxudicar a **D. Manuel Ramón García Pérez, DNI nº ***542***** e domicilio a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro 28, 3, Portal 1 B, 15965, Ribeira no que o **posto de venda adicado a panadería según licitación do expediente nº 2023/MDO/000008 do Mercado Municipal, toda vez que foi a primeira solicitude recibida no rexistro municipal.**

A explotación do posto farase directamente polo titular da concesión. Entenderase que existe tal explotación directa sempre que o concesionario leve persoalmente o posto, asumindo a dirección efectiva do negocio que neste se desenvolva, sen prexuízo de que poida ter contratados un ou máis traballadores pola súa conta, debidamente dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

Segundo:-Requerir a D. Manuel Ramón García Pérez para que no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se adxudica a concesión deposite nas arcas municipais a taxa prevista ao efecto na **Ordenanza B.2.9, FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE MERCADOS MUNICIPAIS**, Artigo 5 (BOP nº 71 de 17.04.2017).

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e non poderá ser beneficiario dunha nova adxudicación.

Terceiro:-Serán dereitos do concesionario:

- Usar privativamente o espazo físico constitutivo do posto, nos termos e condicións que se establezan na concesión.
- Usar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
- Entrar no mercado con anterioridade á apertura ao público para preparar a mercadoría, dando toda clase de facilidades para que a inspección sanitaria leve a efecto nas mellores condicións.
- Instalar nos postos respectivos os elementos necesarios para o exercicio da actividade mercantil correspondente, previa autorización da dirección do mercado.
- Solicitar, por motivo de imposibilidade de explotar directamente o posto, que lle substitúa a persoa que propoñan, sempre que se estea no caso contemplado no artigo 30.
- En xeral, todos os dereitos que se deriven da normativa reguladora.

Cuarto:- Serán obrigas do concesionario:

- Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen incluír



- neste o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador.
2. Estar en posesión do carné de manipulador, tanto o titular como as demais persoas que traballen no posto. O devandito documento deberá ser mostrado, cantas veces se requira, aos funcionarios habilitados para iso.
 3. Comunicar, mediante escrito, á Delegación de Medio Ambiente e Consumo, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ao que se produza as citadas situacións.
 4. Expoñer os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercien, en lugar visible e de forma clara, de maneira que poidan ser apreciados polos consumidores con total claridade.
 5. Manter o posto aberto ao público ininterrompidamente durante o horario de venda ao público, salvo causa xustificada. Así mesmo, pechará diariamente o posto ao finalizar o citado horario, adoptando cantas precaucións sexan necesarias para evitar posibles sinistros.
 6. Conservar os postos, así como as demais instalacións, en bo estado, coidando de que estean limpos, libres de residuos e en perfectas condicións hixiénico-sanitarias, depositando os lixos e desperdicios nos lugares sinalados para tal fin, polo que deberán ter implantados o Sistemas de Autocontrol.
 7. Utilizar os instrumentos de pesar e medir axustados aos modelos autorizados, podendo o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a súa exactitude.
 8. Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada. Para tales efectos, o Concello, oídas as asociacións de comerciantes, poderá declarar de obrigado uso certas pezas de uniforme, independentemente das esixidas na Regulamentación Técnico-Sanitaria que corresponda, durante o horario de venda.
 9. Non sacrificar nos postos do Mercado os animais destinados á súa venda, nin efectuar naqueles as operacións de desplumar, esfolar ou similares.
 10. Non se negar á venda dos xéneros que teñan expostos para a súa comercialización.
 11. Aboar o importe dos danos e perdas que o titular, familiares ou dependentes del, causaren aos bens obxecto da autorización, ás instalacións ou no edificio do Mercado.
 12. Xustificar, cando foren requiridos, o pago dos impostos e exaccións municipais por razón do exercicio do comercio nos postos ocupados.
 13. Non colocar vultos nin caixas de produtos nos corredores fóra do horario habilitado para iso.
 14. Estar en posesión do libro de follas de queixas / reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión del, establecido mediante o Decreto 375/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as Follas de reclamacións das persoas consumidoras e usuarias.
 15. Atender ao seu cargo os gastos de auga e electricidade producidos polos seus usos particulares nos postos que ocupen. Os devanditos gastos haberán de atenderse mediante contadores que os titulares afectados instalarán pola súa conta e cargo.
 16. Satisfacer a taxa correspondente ao posto adxudicado establecida na Ordenanza Fiscal correspondente.
 17. Realizar pola súa conta e cargo as obras limitadas ou particulares que o Concello estime necesarias para que os postos estean en todo momento en perfecto estado de conservación. Tales obras esixiranse ou se autorizarán, previo os preceptivos informes da Xerencia Municipal de Urbanismo.
 18. Manter sen alterar a actividade dos postos, salvo autorización do Concello.
 19. Todas as obrigas establecidas para os prestadores de servizos no Título V da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, así como na normativa que lle sexa de



aplicación

Quinto:-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto:-Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6013 09.03.2024 CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L., pintado de fachada principal, rúa Salvora, 51, Aguiño.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6196 12.03.2024 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar un subministro eléctrico para uso industrial en Couso.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6340 13.03.2024 JOSÉ BENITO MUÑÍZ VILAR, muro de peche de parcela, en Salmón, Oleiros.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

24292 18.10.2023 PERFECTO DÍAZ E HIJOS, S.L., acondicionamento de local comercial para venda polo miúdo de materiais de construción e pinturas, na rúa Carlos Casares, núm.1, L2 L3, Ribeira.

*Consta no expediente informe (Dilixencia de Comprobación/Procedemento de verificación) do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga Veiga, de data 05/04/2024, no que sinala:



RESULTADO:

Fase de obra:

Comprobado e conforme no relativo ao alcance da dilixencia de comprobación documental.

Fase de tramitación da comunicación de apertura/inicio de actividade:

De cara á tramitación da comunicación de apertura/inicio de actividade deberá ter en conta que **debe presentarse a seguinte documentación:**

- **Certificado final de obra.**
- **Xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados na fase de obra: documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.**

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8086 30.03.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar unha rede de baixa tensión subterránea de 4 m. para proporcionar subministro eléctrico para unha obra situada no polígono industrial, Ribeira.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16037 29.08.2022 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar canalización de 94,00 m. de lonxitude, na DP-7308 e na rúa Cervantes, Ribeira.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Rosa García Orellán

Visto o escrito presentado por **María Rosa García Orellán**, de data 02/04/2024 (Registro de entrada nº 7.980), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A043000600000KG e sita no lugar de Bretal, Olveira, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/04/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á



parcela con refª catastral nº 15074A043000600000KG e sita no lugar de Bretal, Olveira, Ribeira.

17.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DE ESPAZO NAS INSTALACIÓNS DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación Agroecolóxica Sachos á Rúa

Vistos os escritos presentados por Manuel González González en representación da **Asociación Agroecolóxica Sachos á Rúa**, de data 02/04/2024 (Rexistros de entrada nº 7.911 e 7.975), nos que solicita a cesión de uso dun espazo nas instalacións do Mercado Municipal de Ribeira, todos os xoves do mes de maio (09, 16, 23 e 30/05/2024) en horario de 15:30 h. a 19:30 h.), co fin de realizar un obradoiro de fermentados ofertado polo Sindicato Labrego e colaboración co esa asociación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a cesión de uso dun espazo nas instalacións do Mercado Municipal de Ribeira, todos os xoves do mes de maio (09, 16, 23 e 30/05/2024) en horario de 15:30 h. a 19:30 h.), co fin de realizar un obradoiro de fermentados ofertado polo Sindicato Labrego e colaboración co esa asociación.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Aloha”, de data 04/04/2024 (Rexistro de entrada nº 8.352), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 18/05/2024, en horario de 22:00h. a 23:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 18/05/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.



5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Bar Aloha" (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Javier Gómez Nespereira (CÚPULA)

VISTO o escrito presentado por **Javier Gómez Nespereira**, en representación do establecemento “Café Concerto Cúpula”, de data 05/04/2024 (Rexistro de entrada nº 8.425), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Concerto Cúpula” (Ribeira), o día 19/05/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Javier Gómez Nespereira**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Concerto Cúpula” (Ribeira), o día 19/05/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:



“(...)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Concerto Cúpula” (Ribeira) (**Javier Gómez Nespereira**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos*



establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)

- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



20.- SOLICITUDE INSTALACIÓN MESA E PANEIS INFORMATIVOS – José Antonio Pérez Martínez

Visto o escrito presentado por **José Antonio Pérez Martínez**, de data 04/04/2024 (Registro de entrada nº 8.325) no que solicita autorización para a instalación dunha mesa e paneis informativos, desde o primeiro día que poda ser autorizado ata o 29/04/2024, na intersección da Rúa Cardenal Cisneros coa Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación dunha mesa e paneis informativos, desde o día 12/04/2024 ata o 29/04/2024, na intersección da Rúa Cardenal Cisneros coa Avenida do Malecón (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DA FESTA DA FAMILIA – Hermanas Caridad Sagrado Corazón

Visto o escrito presentado por Victoria Pilar Paredero Rodríguez en representación de **Hermanas Caridad Sagrado Corazón**, de data 05/04/2024 (Registro de entrada nº8.485), no que solicita autorización para a celebración da “Festa da Familia” o día 16/06/2024, en Couso, así como a instalación de WC portátiles, e permiso para utilizar o asadeiro para facer unha sardiñada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da “Festa da Familia” o día 16/06/2024, en Couso.
- Prestar a colaboración municipal coa instalación de WC portátiles.
- Informar que deberán poñerse en contacto coa Concelleira do Medio Rural e Servizos Municipais, Tania Redondo Fernández.
- Informar que a autorización para poder facer lume (aínda que sexa asadeiro) é competencia da Xunta de Galicia, polo risco de incendios forestais.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

22.- SOLICITUDE INSTALACIÓN MESA INFORMATIVA – Iglesia Cristiana Adventista del Séptimo Día

Visto o escrito presentado por María Teresa Castro Rozados en representación da **Iglesia Cristiana Adventista del Séptimo Día**, de data 04/04/2024 (Registro de entrada nº 8.325) no que solicita autorización para a instalación dunha mesa informativa o días 27/04/2024, 25/05/2024 e 22/06/2024, en horario de 16:00 h. a 20:00 h., na Avenida do Malecón, nº 55, Ribeira (ao carón do Parque García Bayón).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación dunha mesa informativa o días 27/04/2024, 25/05/2024 e 22/06/2024, en horario de 16:00 h. a 20:00 h., na Avenida do Malecón, nº 55, Ribeira (ao carón do Parque García Bayón).



- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

23.- SOLICITUDE RESERVA NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA – Asociación Haveira e Escola de Baile Tomásón

Visto o escrito presentado por Orlando Quirino González Cruz en representación da **Asociación Haveira e Escola de Baile Tomásón**, de data 03/04/2024 (Registro de entrada nº 8.192), no que solicita reservar o novo Auditorio municipal de Ribeira o día 27/07/2024, en horario de 10:30 h. a 12:30 h. (Ensaíos) e de 19:00 h. a 20: 30 h. (Gala), co motivo da celebración da gala anual que conmemora o vixésimo segundo aniversario da apertura da escola de baile.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a **Asociación Haveira e Escola de Baile Tomásón** reserva do novo Auditorio municipal de Ribeira o día 27/07/2024, en horario de 10:30 h. a 12:30 h. (Ensaíos) e de 19:00 h. a 20: 30 h. (Gala), co motivo da celebración da gala anual que conmemora o vixésimo segundo aniversario da apertura da escola de baile.
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Cultura para a súa tramitación.

24.- SOLICITUDE INSTALACIÓN SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA – María Elisa Millán Miranda

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **María Elisa Millán Miranda**, de data 08/04/2024 (Registro de entrada nº 8.568), no que solicita a instalación dun sistema de videovixilancia no Cemiterio Municipal de Ribeira, debido a que se producen roubos de flores reiteradamente.

25.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, Cruz Rivadulla Márquez, de data 08/04/2024, relativa á *ORDE do 13 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PL400A)*. (DOG do 26/04/2024, núm. 61).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a dinamización lingüística. A subvención solicítase para o mantemento do servizo lingüístico existente no concello de Ribeira.

Segundo: aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.



26.- CESIÓN DO ESTADIO DE ATLETISMO “ANA PELETEIRO” Á ESCOLA DE BOXEO “EL CANARIO”, PARA A CELEBRACIÓN DO II TORNEO STA. UXÍA DE ATLETISMO

LOGO DE VER que D. Israel Benítez Somoza, en representación da escola de boxeo “El Canario”, presenta escrito de data 25/10/2023, con número de rexistro de entrada municipal 24.959, solicitando o das pistas de atletismo da Fieiteira (Estadio “Ana Peleteiro”), o 13 de abril de 2024 para a realización do “II Torneo Sta Uxía”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O estadio de atletismo “Ana Peleteiro”, non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 08-04-24 favorable á mesma con condicionantes.

Vista a proposta emitida ao respecto polo Concelleiro Delegado de Deporte, Xabier Vidal Peón, de data 08/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

AUTORIZAR a cesión do estadio de atletismo “Ana Peleteiro” á Escola de Boxeo “El Canario”, para a celebración da “II Torneo Sta Uxía” cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais*”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativo.
- A cesión das instalacións será só para o **sábado 13 de abril de 2024 de 10.00 a 14.00 horas**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).



FIRMANTE - FECHA



- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

27.- CESIÓN PISCINA MUNICIPAL “MARÍA VILAS” Á FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN, PARA A CELEBRACIÓN DO “TORNEO NORTE – SUR” DE NATACIÓN

LOGO DE VER que D. Juan Carlos Brión Lema, en representación da Federación Galega de Natación, presenta escrito de data 04/04/2024, con número de rexistro de entrada municipal 8.298, solicitando o uso da piscina municipal “María Vilas”, o 13 de abril de 2024 para a realización do “Torneo Norte-Sur” de natación, ao longo de toda xornada.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. A piscina municipal “María Vilas”, non ten actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 08-04-24 favorable á mesma con condicionantes.

Vista a proposta emitida ao respecto polo Concelleiro Delegado de Deporte, Xabier Vidal Peón, de data 08/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

AUTORIZAR a cesión da piscina municipal “María Vilas” á Federación Galega de Natación, para a celebración do “Torneo Norte-Sur” de natación cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **sábado 13 de abril de 2024 de 08.30 a 14.30 e de 15.30 a 21.00 horas**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.



- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA II FESTA DA XUVENTUDE DE OLEIROS – Asociación Comisión de Festas San Martiño de Oleiros

Visto o escrito presentado por Ernesto Pego Moreiras en representación de **Asociación Comisión de Festas San Martiño de Oleiros**, de data 06/04/2024 (Rexistro de entrada nº 8.527), no que solicita autorización para a celebración da II Festa da Xuventude de Oleiros, o día 20/04/2024, así como colaboración municipal relativa a Policía Local, GAEM, servizo de limpeza viaria, 8 contedores de lixo e préstamo de valados de seguridade e sinalización vertical direccional.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da II Festa da Xuventude de Oleiros, o día 20/04/2024.
- Prestar a colaboración municipal necesaria para o normal desenvolvemento da celebración.
- Informar que esta autorización está condicionada aos requirimentos de obrigado cumprimento do Departamento de Cultura, Policía Local, GAEM e Concellería de Servizos Municipais.
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Cultura e Policía Local para o seu coñecemento

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

